

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Febreiro 2009

NOTA DE PRENSA

En febreiro de 2009 os prezos dos bens exportados e importados en Galicia diminuíron en termos interanuais un 3,3% e un 7,6% respectivamente

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 3,3% en febreiro de 2009 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron unha diminución interanual do 7,6%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 2% e os dos importados un 4,3%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do 10,2%. Pola contra, os prezos dos bens de consumo e dos bens intermedios diminuíron un 4,4% e un 4,9% respectivamente.

Nas importacións, os prezos dos bens de consumo aumentaron con respecto a febreiro de 2008 un 3,8%. Os prezos dos bens de equipo diminuíron un 24,4% e os dos bens intermedios un 10,7%.



Índices de valor unitario para o comercio exterior. Febreiro 2009

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	-3,3	-2,0	ÍNDICE XERAL	-7,6	-4,3
Bens de consumo	-4,4	-3,0	Bens de consumo	3,8	5,1
Bens de equipo	10,2	10,9	Bens de equipo	-24,4	-26,9
Bens intermedios	-4,9	-4,3	Bens intermedios	-10,7	-5,6

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 2,4% para os bens con destino a países non pertencentes á OCDE. Os prezos dos bens con destino a Unión Económica e Monetaria e a UE-25 diminuíron un 5,3% e un 5,9% respectivamente.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE diminuíron un 4,7% e os procedentes do resto de países un 13%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Febreiro 2009

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	-5,3	-3,3	UEM	-0,8	1,6
UE-25	-5,9	-4,1	UE-25	-2,7	-2,0
OCDE	-4,5	-2,7	OCDE	-4,7	-4,5
Resto de países	2,4	2,5	Resto de países	-13,0	-2,9

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>